

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0244, do 25 de abril de 2025, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición e acceso libre, para a provisión dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda

O 2 de maio de 2025, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 82 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>).

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sexto das Bases que rexen o proceso selectivo, mediante Resolución de Alcaldía número 2025-0294, de data 20 de maio de 2025, aprobouse a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, fixando un prazo de cinco (5) días hábiles, contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>] para presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións.

Segundo consta no certificado de auditoría, a precitada Resolución estivo exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica ata o martes día 27 de maio de 2025.

Non se recibe ningunha alegación respecto a esta lista provisional.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

- ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
1	ABAL RUIBAL DAVID	**9300***	CELGA 2
2	BARCALA ABALO ALEJANDRO	**6314***	CELGA 2
3	CALVO ESTÉVEZ DEMETRIO	**8200***	CELGA 3
4	CAPPA SANZ ALAN	**4057***	CELGA 3
5	DACOSTA GONZÁLEZ JUAN	**4850***	NON
6	GARCÍA RODRÍGUEZ PABLO	**1319***	CELGA 4
7	MARTÍNEZ LODEIRO MIGUEL	**4807***	CELGA 3
8	RODIÑO GRAÑA MIGUEL	**0757***	CELGA 2
9	SEIJAS SILVA JOSÉ LUIS	**8185***	CELGA 2



- **EXCLUÍDOS/AS:**

BUCETA PIÑEIRO, JOSÉ --> Abona a taxa de dereitos de exame pero non presenta solicitude de participación.

SEGUNDO.- Designar o Tribunal cualificador, composto polos seguintes membros titulares:

- Presidenta: Dña. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: D. Rodrigo Parada Vázquez, Operario do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. Juan Manuel Gómez Torres, Operario da Mancomunidade do Salnés ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

TERCEIRO.- Convocar ás persoas aspirantes ás 09:30 horas do próximo xoves día 12 de xuño de 2025, no Mercado de Gando do Concello de Meis (Camiño da Gándara, 6 – O Mosteiro, Meis) para a realización da proba práctica (fase oposición) conforme ao establecido nas Bases que rexen o proceso.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 70 puntos.

A oposición consistirá no desenvolvemento dunha proba obrigatoria e eliminatória de carácter práctico.

Consistirá na resolución, dun ou varios supostos prácticos propostos polo tribunal relativos ás funcións propias de operarios de servizos múltiples e relacionados coas tarefas ou funcións propias da praza convocada e/ou relacionadas coas materias incluídas no programa do Anexo II das bases que rexen o proceso selectivo.

O período de tempo para a realización deste exercicio será o que estableza o tribunal en función da natureza da proba.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a setenta (70) puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 35,00 puntos para considerar superada a proba, dado o seu carácter eliminatorio.

Correspóndelle ao tribunal determinar cal é o nivel mínimo de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima. As persoas que non obteñan esta



puntuación mínima serán eliminados.

O tribunal queda facultado, se o estima oportuno, para establecer criterios de avaliación que desenvolvan os criterios esenciais fixados nestas bases, así como os parámetros ou guías de corrección para a solución dos exercicios. A fixación destes criterios e parámetros ou guías de corrección farase con carácter previo ao comezo da corrección da proba sen que sexa necesario que os coñezan os aspirantes antes da realización do exercicio.

CUARTO.- Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade [<http://meis.sedelectronica.gal>] conforme ao previsto nas bases da convocatoria, e de forma complementaria, na páxina web do Concello de Meis.

Significar que a publicación desta Resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asina a Señora Alcaldesa Dona Marta Giráldez Barral, en Meis, á data da sinatura dixital; do que, como Secretaria-Interventora, dou fe.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

